

O Rexurdimento

Exercicios de autoavaliación – Repaso

1. Le o seguinte fragmento da *Égloga de Belmiro e Benigno* e responde ás preguntas:

Xa por detrás dos montes se escondía
o rubo pai da luz en carro de ouro;
de nubarróns o ceo se cubría,
tendía a noite ao lexos manto mouro,
enterraba o Tesouro
o avaro gardador, medio ás escuras,
e polas espesuras
xa non cantaban ledos paxariños;
as ovellas, balando co os filliños,
pra os curros dos lindeiros se escapaban;
o traballo os paisanos xa deixaban
pra volver xunto ás mais dos seus neniños,
e os barcos preparando
pra o mar mariñeiro iba cantando.

- a) Quen é o autor deste poema?
- b) Que escena se recrea?
- c) Cal é a ambientación que reflicten os versos?
- d) Cales son as imaxes que emprega o autor para representar o atardecer? Que recursos estilísticos emprega nelas?

2. Explica o pensamento galeguista do século XIX.

3. Quen eran os precursores e que achegaron á nosa cultura?

4. Durante o século XIX houbo produción teatral? Xustifica a túa resposta.

5. Escribe un texto no que reflectas a importancia do Rexurdimento para a literatura galega e os seu obxectivos.

Solucións:

1. Le o seguinte fragmento da *Égloga de Belmiro e Benigno* e responde ás preguntas:

Xa por detrás dos montes se escondía
o rubo pai da luz en carro de ouro;
de nubarróns o ceo se cubría,
tendía a noite ao lexos manto mouro,
enterraba o Tesouro
o avaro gardador, medio ás escuras,
e polas espesuras
xa non cantaban ledos paxariños;
as ovellas, balando co os filliños,
pra os curros dos lindeiros se escapaban;
o traballo os paisanos xa deixaban
pra volver xunto ás mais dos seus neniños,
e os barcos preparando
pra o mar mariñeiro iba cantando.

a) Quen é o autor deste poema?

Nicomedes Pastor Díaz

b) Que escena se recrea?

O solpor e con el a recollida da aldea e mentres que o mundo mar comeza o seu traballo.

c) Cal é a ambientación que reflicten os versos?

A ambientación é rural e mariñeira nos últimos versos.

d) Cales son as imaxes que emprega o autor para representar o atardecer? Que recursos estilísticos emprega nelas?

- *Xa por detrás dos montes se escondía / o rubo pai da luz en carro de ouro*: o sol ponse polas montañas.
- *lexos manto mouro*: a noite

Atopamos personificacións: as ovellas, balando co os filliños. Metáforas: pai da luz. Antíteses: luz/noite.

2. Explica o pensamento galeguista do século XIX.

Exemplo de resposta:

O espírito de rebeldía preconizado polo Romanticismo, xunto coas ideas liberais da época, propiciaron o nacemento dun movemento ideolóxico e político que hoxe coñecemos co nome de Provincialismo (1840-1854) e que, partindo do recoñecemento da especificidade de Galicia, ten como obxectivo a súa rexeneración social e económica. Podemos dicir do Provincialismo que foi o precursor do que hoxe coñecemos co nome de “galeguismo”. Estaba formado por intelectuais de clase media-alta que utilizaban a prensa para dar a coñecer as súas ideas. Un acontecemento fundamental deste movemento foi a súa participación no levantamento do xeneral Solís no ano 1846, que supuxo a rebelión de Galicia contra o centralismo. Fracasado este levantamento, once dos seus dirixentes foron fusilados (os chamados “Mártires de Carral”), os provincialistas terán que dispersarse marchando moitos ao exilio, entre eles varios dos considerados precursores do Rexurdimento galego, como Francisco Añón.

Outro dos movementos políticos foi o Federalismo, movemento ligado ás ideas republicanas que defendía a Galicia como un cantón dentro do territorio español. A restauración de 1881 fixo que o proxecto de constitución que esta tendencia política redactara, quedara en nada.

A definición teórica do nacionalismo manifestouse co Rexionalismo xa que esta tendencia aparece ligada a importantes iniciativas e diferentes dinámicas do mundo cultural. Consideran os rexionalistas que Galicia era unha rexión diferenciada culturalmente das outras e reclamaba unha maior descentralización das competencias por parte do Estado e certa autonomía política. Nesta mesma tendencia existiron dúas correntes, por unha banda unha tendencia tradicionalista liderada por Alfredo Brañas e, pola outra, unha liberal dirixida por Manuel Murguía.

3. Quen eran os precursores e que achegaron á nosa cultura?

Escritores relacionados co movemento provincialista e formaron un grupo ao que se denominou os precursores. A súa achega á nosa cultura foi a dignificación da lingua ao utilizala nos seus escritos e composicións.

4. Durante o século XIX houbo produción teatral? Xustifica a túa resposta.

Tendo en conta o carácter limitado da produción teatral da época e a baixa calidade das obras, non se pode dicir con propiedade que exista un teatro do Rexurdimento, mais podemos salientar a peza *A casamenteira* de Antonio Benito Fandiño.

A escaseza da produción teatral puido ser debida a que a poesía era o xénero literario por excelencia do Romanticismo.

5. Escribe un texto no que reflectas a importancia do Rexurdimento para a literatura galega e os seus obxectivos.

O Rexurdimento é un movemento de recuperación da lingua, da cultura e da literatura galega que se levou a cabo ao longo do século XIX e comezos do XX. Grazas a este período, a nosa cultura saíu da sombra que na que estivo mergulladas durante os Séculos Escuros.

Tres etapas ou períodos podemos observar durante o Rexurdimento:

- O período precursor: engloba autores que publicaron obras en galego antes de 1963.
- O rexurdimento pleno: está marcado polo labor dos tres grandes escritores do século XIX: Rosalía de Castro, M. Curros Enríquez e Eduardo Pondal.
- O período finesecular: formado por autores coetáneos aos tres grandes poetas do Rexurdimento e que continuaron coa recuperación da cultura e do idioma.

Os seus obxectivos eran, entre outros:

- Cambio da mentalidade con respecto á lingua galega e a ampliación das súas funcións.
- Interese por crear un modelo de lingua culto, depurado de imperfeccións e por enriba das variantes dialectais.
- Recuperación do pasado histórico de Galicia.
- Reivindicación de Galicia como un pobo con características propias.

Un dos principais historiadores da época foi Manuel Murguía que publicou *Historia de Galicia*. Esta tarefa de rexurdir a cultura completouse coa creación de diferentes editoriais que non só publicaban libros, senón tamén xornais e revistas escritas total ou parcialmente en galego. A primeira publicación periódica monolingüe en galego foi *O tío Marcos da Portela* (1876-1888) impulsado por Valentín Lamas Carvajal.